

# MUSIC FACTORY

Grade I Basic Level Music Theory



## DESCRICIÓN XERAL DO PROXECTO

Lorena Varela Guzmán  
Yolanda Varela Guzmán  
Licencias por formación 2023-2024

**Título do recurso:**

MUSIC FACTORY

**Autoras:**

Lorena Varela Guzmán, Yolanda Varela Guzmán

**Curso ó que vai dirixido:**

1º Grao Elemental de Conservatorios.

**Materia:**

Linguaxe Musical.

**Tipo de contido:**

Secuencia didáctica de oito unidades que conforman o curso completo.

**Idioma:**

Inglés.

**Ferramenta empregada:**

eXeLearning 2.9

**Breve descripción do proxecto:**

As oito unidades que conforman o proxecto presentan actividades interactivas gradadas en dificultade dentro da propia unidade e ao longo do proxecto. Préstase especial atención ao uso da canción popular e tradicional posto que proporcionan unha contorna agradable para a aprendizaxe musical, o desenvolvemento cognitivo e lingüístico, o fomento da creatividade, improvisación e da coordinación corporal.

Cada unidade presenta a seguinte estrutura:

- Discovering theory.** Presentación dos contidos teóricos de cada unidade.
- Let's sing!** Entoación melódica de pezas musicais ou exercicios.
- Keeping the beat.** Práctica rítmica empregando notas, silencios, pulsos e compás con percusión corporal, instrumentos escolares ou canto rítmico.
- Creative Lab.** Actividades rítmicas e melódicas de creación libre e/ou guiada.
- Ear training.** Traballo de destreza auditiva e escucha consciente.
- Music around the world.** Cancións famosas de diferentes partes do mundo.
- Language training.** Práctica oral e escrita do léxico da unidade.
- Assessment.** Actividades de evaluación do alumnado. Rúbrica para o alumnado. Cuestionario SCORM, tests de percusión, reflexión persoal.
- Documents.** Rúbrica da proposta educativa, manual de uso, guía didáctica e autoría dos recursos empregados.